

TEXTO

O **rural galego** non vive do mesmo xeito que a cidade esta alerta sanitaria xurdida ao redor do coronavirus. A realidade é outra e as preocupacións tamén. Ao temor xeralizado na sociedade pola expansión da enfermidade súmanse as inquedanzas polo **coidado dos animais**, o abastecemento de alimentos para eles e as consecuencias de prorrogar todos os procesos administrativos no eido da agricultura e da gandaría.

Con todo, polo de agora no día a día do rural séguese respirando a mesma tranquilidade de sempre. Quizais amparada por certa incredulidade. "Isto é un sitio aberto, malo será que aquí chegue...". O coronavirus monopoliza as conversas, pero tamén é certo que as preocupacións pola falta de comida non son aquí unha prioridade, e as **farmacias**, lonxe das estampas das cidades, funcionan nas aldeas cun ritmo máis calmado.

Preocupa tamén a **chegada de visitantes procedentes doutras zonas** que poden ser de risco. Nos últimos días foron varios os municipios que constataron este aumento de poboación e cuxos alcaldes pediron que, se fican estas persoas, cumpran co illamento. Súmase isto ao estado no que se atopan actualmente os hospitais comarcais. Vilalba pon sobre a mesa o "**proceso de desmantelamento importante**" que sufriu a sanidade pública das zonas rurais nos últimos tempos. "A xente ten medo de que os medios para atender a enfermidade non sexan os suficientes, e máis cando moitas persoas que viven no rural son vulnerables ao virus".

1º Lede con atención o texto.

2º Subliñade as ideas máis importantes.

3º Despois das tarefas anteriores xa chegamos ao tema.

4º Por último, facede o comentario crítico, seguindo as pautas marcadas na clase.

Nota: ide lendo o libro desta 2º avaliación, *Marxinados*.

Se tendes algunha dúbida eviádea ao meu correo: bertadivina@hotmail.com.